

INICIO &gt; ACORUÑA XA &gt; CARRAL &gt; A EXPOSICIÓN 'PACTO VERDE EUROPEO' DE EUROPE DIRECT A CORUÑA CHEGA ESTE VERÁN A CARRAL

Actualidade

## A exposición 'Pacto Verde Europeo' de EUROPE DIRECT A Coruña chega este verán a Carral

📍 Carral

ACoruñaXA

A exposición achega á cidadanía as políticas da Unión Europea para conseguir a neutralidade climática nas vindeiras décadas



Imaxe da mostra Pacto Verde Europeo

12 Jun 2024

A mostra Pacto Verde Europeo do centro EUROPE DIRECT A Coruña-Deputación da Coruña poderá verse este verán en catro concellos da provincia. Carral, Negreira, Rianxo e Lousame acollerán durante dúas semanas esta exposición ao aire libre que busca achegar á cidadanía o Pacto Verde Europeo, as políticas da Unión Europea para reducir emisións dos gases de efecto invernadoiro.

O Pacto Verde Europeo é a follas de ruta da UE para avanzar cara un sistema económico sostible, moderno e competitivo que sexa capaz de facer un uso eficiente dos recursos. Como se explica de maneira accesible nos paneis, o obxectivo inicial é reducir as emisións nun 55% ata 2023 como primeiro paso para acadar a neutralidade climática no ano 2050.

A andaina da exposición iníciase o 14 de xuño no Concello de Carral, onde poderá visitarse ata o 28 de xuño na praza Campo da Feira. Cada parada estará acompañada dunha actuación artística que introducirá ao público na temática medioambiental a través de malabares, acrobacias e equilibrios. En Carral, a cita é o xoves 20 de xuño ás 17.30 horas xunto á exposición.

A mostra, realizada con materiais reciclados e reutilizables, fará a segunda parada no Concello de Negreira entre o 28 de xuño e o 12 de xullo. A *performance* terá lugar o día da inauguración, o 28 de xuño, ás 20 horas xunto a pista polideportiva do Parque do Coto. Entre o 12 e o 29 de xullo a exposición estará no Concello de Rianxo, na Praza da Manuela. Alí será tamén a actuación de apertura da mostra, o 12 de xullo ás 13 horas. Para pechar o percorrido, a mostra viaxará ao Concello de Lousame, onde estará na Casa da Cultura de Portobravo entre o 13 e o 27 de setembro. A actuación terá lugar o 17 de setembro ás 12.30 horas.

### Experiencia interactiva

A mostra busca tamén a participación do público asistente a través de dúas experiencias interactivas ás que se pode acceder dende o teléfono móbil. A primeira delas é Estación Verde, un entorno virtual en 3D no que se aloxan vídeos realizados polo alumnado de centros galegos con consellos sobre sostibilidade, contidos didácticos, unha versión virtual da mostra e un punto informativo sobre as funcións do centro EUROPE DIRECT A Coruña, aos que se pode acceder escaneando códigos QR.

Tamén está dispoñible o xogo Pacto Verde Europeo, un escape room online deseñado para poñer a proba os coñecementos sobre o coidado do medio ambiente do público de todas as idades.

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación

en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

Para información complementaria, pódese contactar a través do correo electrónico [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal), ou ben, no número de teléfono 981 080 331.

## OUTROS PERIÓDICOS

GALICIAXA  
AMARIÑAXA

LUGOXA  
RIBEIRASCRAXA

TERRACHAXA  
ACORUÑAXA

SARRIAXA  
OURENSEXA



Edita: Portas Comunicación

[f](#) FACEBOOK  
[@](#) INSTAGRAM  
[📁](#) HEMEROTECA

[✉](#) CONTACTO

[Aviso Legal](#)

[Axenda de Contactos](#)

[Política de Cookies](#)

Esta web utiliza cookies para ofrecerte una mejor experiencia. Si continúas navegando estás aceptando el uso de las cookies descritas en nuestra [Política de Cookies](#)